

Delineantes célebres




Louis Renault


Naceu o 15 de febreiro de 1877 en París. Foi o cuarto de seis irmáns. Fillo de Alfred Renault que tiña unha pequena tenda de teas na "Place des Victoires" en París.

Comezou a traballar como **delineante** na fábrica "M. Delauny -Delleville", onde deseñou un novo modelo de caldeira de vapor. Deseñou o seu primeiro vehículo en 1898 e foi presentado co nome de Renault Type A. Conseguiu doce pedidos. Un ano despois patentou a caixa de cambios deste, con tres velocidades cara a diante e marcha atrás e apareceu o Renault Type B cun motor de 450 cc refrixerado con aire cunha carrocería tipo coupé. Ao finalizar este ano, fabricáronse 76 vehículos e 110 persoas traballaban en Renault
Frères.

Xunto a Marcel, fundou a fábrica Renault Hermanos. Gozou de prestixio case dende o inicio grazas aos seus numerosos éxitos nas carreiras. Marcel Renault faleceu nunha delas, en 1903. Durante a I Guerra Mundial, a empresa Renault reconverteuse para a produción de guerra, fabricando o tanque Renault FT. Ao final da II Guerra Mundial, foi acusado de colaborar coas forzas de ocupación alemás.

Durante a investigación, Louis Renault permaneceu encarcerado na prisión de Fresnes, onde faleceu o 24 de outubro de 1944 antes de ser xulgado. En xaneiro de 1945, Charles de Gaulle decide nacionalizar Renault e o nome da compañía pasa a denominarse Régie Nationale des Usines Renault.






Wilian S. Harley e Arthur Davidson

Wilian e Arthur comezaron a máis famosa compañía de motocicletas do mundo, Harley-Davidson nun pequeno garaxe da familia. Wilian naceu o 29 de decembro de 1880. Arthur naceu o 11 de febreiro 1881.

Crecearon como amigos da infancia en Milwaukee, Wisconsin. Eles fixeron o que moitos outros nenos, saír a pescar, montar en bicicleta, e ir á escola xuntos. De nenos encantáballes xogar cos motores. Arthur e Wilian inspiráronse ao ver a primeira motocicleta xamais construída, a motocicleta de Pennington que non funcionaba de todo ben. Aínda así, foi suficiente para espertar as ideas nas cabezas dos dous rapaces novos.

Wilian e Arthur aínda tiñan que madurar. Aos 15 anos Wilian deixa a escola para traballar como mecánico nunha fábrica de bicicletas, logo traballou como **delineante industrial** nunha empresa metalúrxica e nunha tenda de motores eléctricos. Arthur traballou na mesma tenda como encargado xeral. As súas habilidades complementaban o un ao outro. En 1901, Wilian Harley ideou algúns plans para unha bicicleta cun motor. El e mais Arthur estaban en camiño cara á construción da mellor moto construída xamais.

Wilian e Arthur foron acompañados por dous dos irmáns de Arthur, Walter e William Davidson. Ambos os dous tiñan acceso ás ferramentas especiais que se necesitaban para crear pezas da motocicleta. Outros inventores como Ole Evinrude, coñecido polos seus motores foraborda, axudoulles a perfeccionar o seu motor. Tamén contaron coa axuda doutro compañeiro de traballo chamado **Emil Krüger, delineante industrial** de orixe alemá que chegara recentemente dende Francia. Traballara na empresa Aster cos motores de Dion-Bouton. Krüger foi clave no desenvolvemento posterior da tecnoloxía Harley-Davidson, xa que foi o quen realmente achegou os coñecementos e a experiencia no deseño dos motores, posto que se trouxera de Europa información técnica de vital importancia, fotocalcos e esquemas que aínda non se coñecían nos Estados Unidos, non obstante, a historia esqueceuse del.



Con todo isto tardaron anos para perfeccionar as súas motocicletas e para cando empezaron a vender as primeiras, pasaran cinco anos. En 1906, estaban a vender 50 ou máis por ano. Agora o que necesitaban unha boa publicidade.

Por sorte, Walter Davidson non só era un talentoso mecánico, se non que tamén era un excelente condutor de motocicleta. Walter correu a súa moto Harley-Davidson ata gañar todas as carreas nas que participou, o cal axudou a convencer a xente a comprar as súas motocicletas.

Wilian e Arthur quedaron coa Harley-Davidson Motor Company ata o momento da súa morte. Wilian morreu en 1943, e Arthur en 1950.

